

A Lei Orgánica Contra a Violencia de Xénero e a creación dos Xulgados de Xénero

ANA M^a PÉREZ DEL CAMPO NORIEGA

Antecedentes

As ideólogas e as organizacións do movemento feminista caracterizáronse, historicamente, por reclamar reformas lexislativas, é dicir, por impulsar a instauración de novas leis que, desbotando a discriminación, propiciasen a igualdade entre os sexos, co obxectivo posto na inquebrantable loita polos dereitos humanos das mulleres.

Pode afirmarse sen a menor esaxeración, que o feminismo, alá onde historicamente se atopase, sostivo unha revolución, unha tenaz e incruenta revolución, en demanda da cota de xustiza que corresponde á muller. A desigualdade, a discriminación e a violencia de toda orde que as mulleres viñeron soportando desde que comezou a organización social até os nosos días, non poderían acontecer –e tampouco se poderían sosteñer– sen a indispensable cobertura que lles prestaron as normas legais imperantes en cada tempo.

O sistema patriarcal é a orixe e o feudo das desigualdades. De toda desigualdade, pero en primeiro lugar a dos sexos. Posto que é baseándose na distinción sexual como o sistema predeterminou a implantación das normas, as funcións e os condicionamentos e comportamentos, o que era debido ao home e o que lle correspondía á muller. E iso dun modo inexorable. As leis consumirán o atropelo, pois atropelo é dispoñer a conduta das persoas á marxe e por enriba da vontade de cadaquén. Tal é a regra do patriarcalismo, prolongada até o día de hoxe, con maior ou menor vixencia en atención á diferenza cultural entre os países.

O Congreso IX Estatal de Mulleres Avogadas, que tivo lugar en Alicante –en novembro de 1995– anotaba entre as súas conclusións os seguintes aspectos¹:

- *O ordenamento xurídico é un medio para a formación de xénero.*
- *O Dereito foi usado historicamente para conservar a posición hexemónica dun xénero sobre o outro.*
- *O Dereito, instrumento de poder, foi e é utilizado polos homes para controlar as mulleres; de cara ao mantemento dunha orde social; sen que importase que este fose inxusto.*
- *A aplicación do Dereito é diferente segundo o xénero a que pertenza a persoa destinataria da norma; diferenza que a propia norma se coida de fundamentar en termos xurídicos.*

Malia canto antecede, non faltan voces que dentro do Foro ou fóra del, tratan de descualificar e desacreditar as pretensións feministas de transformación das leis, co argumento de que o *cambio lexislativo* é insuficiente, se o que se quere é alcanzar a *transformación social*, o cal require fonda reformulación, pois, dito sen maior matización, o discurso convértese en sofisticado e enganoso. Doadamente compréndese que, se o cambio das leis ha de esperar a que a poboación á que van destinadas se formase nuns moldes educativos que a norma vixente non ampara e que con gran frecuencia reprobada, estarase a consumir o fenómeno odioso de incrementar as dificultades de impartir unha educación *socialmente «contra corrente»* co gravame de estar a instigar á perpetración de *ilícitos xurídicos*. *É legal e socialmente imposible emprender a reforma dos costumes sociais, en tanto en canto a lei permaneza inalterada e ancorada en criterios que concordan coa mentalidade ideolóxica que se trata de corrixir*. É dicir, non se pode educar a poboación entrando en colisión –directa ou indirecta– coas leis que regulan as relacións sociais.

Desde a Revolución Francesa, polo menos, oíuse dicir que a educación é a regra de ouro para facer máis humano o mundo de todos. Mais a forza de tal afirmación radica en que a educación é un conxunto de parámetros en que as normas e os principios inspiradores do sistema conflúen coas leis formais que os referendan. E é que, con

¹ Conclusións do IX Congreso Estatal de Mujeres Abogadas, novembro de 1990, Alicante.

suxeición aos dereitos humanos, *lei en vigor e costumes en uso constitúen un binomio inseparable, reciprocamente aliméntanse e non poden subsistir senón ao unísono, en plena e total harmonía*. Isto é polo menos a aspiración –que non utopía– do Estado de Benestar.

Cando se pon a carga de forma total e exclusiva no parámetro da educación, éntrase inevitablemente nunha estratexia retardataria, que só favorece aos que conceden que «algo debe cambiar para que todo siga igual». O equívoco consiste en que para apreciar os efectos dunha experiencia educativa fai falta que pase toda unha xeración. E, se o resultado foi un fracaso, como até agora aconteceu, hase de volver con novos intentos, planos ou propostas, e así até a seguinte xeración nunha prolongación interminable.

De Victoria Camps é a afirmación de que «tomémolo como o tomemos, a educación non está libre de valores. Ten que ser ideolóxica. Se educar é dirixir, formar o carácter ou a personalidade, levar ao individuo nunha determinada dirección, a educación non pode nin debe ser neutra (...) A educación é máis que nada e ante todo un proceso de socialización que fai posible a integración de cada un en sociedade, a educación inducirá a ser normal, a adoptar os costumes ao uso»². Pois ben, os costumes ao uso, os valores, os principios e as funcións de cada sexo márcaos e defíneos o sistema político social implantado en cada sociedade. Mesmo os sistemas chamados democráticos arrastran o lastre do machismo patriarcal, do que non logran desprenderse e persisten nos devanditos réximes democráticos desigualdades, discriminacións e violencia masculina cara á muller.

Ao ser a educación un pilar fundamental na transformación social á igualdade, faise necesario que, previamente ou polo menos en simultaneidade, se removan os obstáculos que a impiden, isto é, que desapareza o patriarcalismo que subsiste solapado pola aplicación das leis.

En España, os argumentos até aquí expostos víronse amplamente confirmados na realidade, como se verá no apartado seguinte. Estamos persuadidas de que, como di Celia Amorós, remover os obstáculos legais non é suficiente³. Pero se non logramos o recoñecemento legal da igualdade, tampouco poderemos conseguir levar á nosa vida real e cotiá a igualdade a que aspiramos.

² Camps, V., *Virtudes públicas*, Espasa-Calpe, 1990, Madrid.

³ Amorós, C., *10 palabras clave sobre la mujer*, Verbo Divino, 1995, Pamplona.

Nace unha lei contra a violencia de xénero

A Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (LIVG) leva data do 28 de decembro de 2004 (BOE 313, do 29 de decembro de 2004). Con ela, un goberno socialista atendía por fin a incansable iniciativa que, con fundadas razóns, viñamos reclamando as diversas asociacións feministas de mulleres. Chegara o momento de pasar das altisonantes declaracións, dos convenios, resolucións e tratados nacionais e internacionais, á efectividade dunha lei que se propuxese como finalidade a erradicación da violencia de xénero apoiándose nas recomendacións dos organismos internacionais que instaban os gobernos a articularen unha resposta global á violencia sistemática contra as mulleres. Iso é o que fixo a lei promulgada en España: unha lei cuxa normativa recolle toda a complexidade da violencia sexista partindo da raíz delituosa deste tipo de condutas⁴.

A violencia de xénero, en canto que responde a unha «ideoloxía» determinada, ten carácter *estrutural*. Quere dicirse que, como fenómeno social, a violencia masculina contra as mulleres queda enmarcada dentro da filosofía que o patriarcado impuxo historicamente como base e fundamento da orde social, isto é, de modo indiscutido e indiscutible por ser obra da natureza en función da bioloxía do sexo a que cadaquén pertenza. Ese foi o caldo de cultivo en que se desenvolveu e se expandiu a sociedade dun a outro extremo do globo, baixo o cal se organizou a vida dos pobos. Trátase, pois, dunha *violencia universalmente estruturada, á que*, implantada desde os inicios da civilización, se lle outorgou carta de normalidade.

Segundo Kate Millet, a universalidade e a lonxevidade son as mellores armas do patriarcado: todas as sociedades coñecidas do presente e do pasado mostran unha organización patriarcal⁵. Coincidentemente, maniféstanse Alicia H. Puleo (*o patriarcado é un sistema milenario que vai adaptándose a cada nova estrutura económica e política*)⁶, e finaliza Celia Amorós («O patriarcado é o conxunto metaestable de pactos, así mesmo metaestables, entre os varóns, polo cal se constitúe o colectivo destes como xénero-sexo e, correlativamente, o das mulleres»⁷...

⁴ Cf. Montalbán Huertas, I., *Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de medidas de protección integral contra la violencia de género. Un instrumento normativo novedoso*, en «LEY INTEGRAL DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO», CGPJ, Escuela Judicial, *Cuadernos de Derecho Judicial*, 2006, Madrid.

⁵ Cf. Millet, K., citada por H. Puleo, A., art. «Patriarcado», en *10 palabras clave sobre mujer*, p. 26, VD, 1995, Pamplona.

⁶ Puleo, Alicia H., art. «Patriarcado», en *10 palabras clave sobre mujer*, VD, 1995, Madrid.

⁷ Amorós, C., citada por H. Puleo, A., art. «Patriarcado», en «10 palabras clave sobre mujer», VD, 1995, Pamplona, p. 41.

A exposición que se acaba de facer é apenas unha pincelada do envite que inexorablemente anunciaba a aprobación desta lei. O patriarcado residual, consciente de que unha lei como a anunciada podía supoñer o principio da erradicación da violencia machista, empezou a removeirse nos seus asentos. E aumentou o aluvión de críticas. Romperon o lume os sesudos varóns e as escasas mulleres da Real Academia da Lingua –os mesmos que se prestaron a incorporar ao dicionario oficial termos tan revolucionarios como os de «guay» (a interxección coloquial de ¡*estupendo!*), «glamuroso» (por *cegador*) ou o consabido «gay» (co que desprazar ao hoxe politicamente incorrecto nome de *homosexual*)–, os que baixo pretexto de aplicar rigorosamente ao seu lema fundacional de «limpa, fixa e dá esplendor», se apresuraron a impugnar a lexitimidade da expresión «violencia de xénero», co argumento purista de que mentres *xénero* é o que corresponde gramaticalmente ás palabras, ás persoas en cambio correspóndelles o concepto biolóxico de *sexo*. Ignoraban os doutos e doudas académicos/as que, como anotou a maxistrada do Tribunal Superior de Andalucía, Inmaculada Montalbán Huertas, o uso do termo «xénero» para expresar a dualidade dos sexos estaba xa asentado cando se realizou a Conferencia Mundial de Mulleres de Pequín, en 1995: «Entón, a Comunidade Internacional renovou o compromiso de lograr a *igualdade entre os xéneros*, e invitaron ós Gobernos e ós demais axentes a integranen a *perspectiva de xénero* en todas as políticas e os programas para analizar as súas consecuencias para as mulleres e os homes respectivamente, antes de tomar decisións»⁸...

Pero nin sequera é que o feminismo improvisase a voz de xénero en sentido funcional do sexo. A Academia debeu ignorar que na literatura sociolóxica se achaba consolidada a acepción de xénero como expresión do propio e peculiar de cada sexo, é dicir, o que superando a bioloxía caracterizaba polo seu sexo o *comportamento das persoas na sociedade*. En definitiva, os sociólogos distinguían entre *sexo biolóxico* e o comportamento deste *condicionado polo ámbito* (aprendizaxe), un concepto que tamén era usual en Psicoloxía, sen dúbida en consonancia coa doutrina do evolucionismo darwiniano en Antropoloxía. De maneira que nesta materia, a que non evolucionaba era a Real Academia, que seguía sen se decatarse do que se cociñaba e xa era común nas disciplinas que tratan do comportamento social: o de *cada individualidade segundo a súa asignación sexual pero máis alá do puramente biolóxico*, isto é: *o sexo como xénero culturalmente «aprendido»*, que no discurso feminista se traduce por «xénero culturalmente imposto».

⁸ Montalbán, I., en «Ley integral de medidas de protección contra la violencia de género», CJPJ, Cuadernos..., 2005, Madrid, p. 35.

En suma: unha cousa é o *sexo biolóxico* e outra distinta o *sexo culturalmente elaborado*, aínda que o sexa a partir do feito natural da deformidade sexual: a isto é ao que –baixo a disciplina científica que sexa– se lle chama «*xénero*», en relación co sexo asignado pola natureza ás persoas.

A LIVG, ao levar a súa acción correctora até as súas últimas consecuencias a partir das orixes inspiradoras do terrorismo de xénero, representa unha resposta de compromiso dos poderes públicos de cara á erradicación que esixe a violencia. Con anterioridade a esta lei, distintos gobernos emprenderan diversidade de políticas encamiñadas a combater a violencia de xénero, con planos circunstanciais contra esta e reformas parciais das leis penais, algúns de cuxos artigos, como o 544 da Lei de axuizamento criminal, chegou a reformarse por tres veces. Pero debe resaltarse que ata a instauración da LIVG, os esforzos e as vontades políticas se reduciron a medidas político-lexislativas meramente paliativas, ou sexa, tratando de minorar os efectos pero sen chegar a afrontar a extirpación dunha violencia que cobrou en España a vida de 3.250 mulleres nos últimos 50 anos e que produciu un número incontable de lesións en miles de mulleres, moitas das cales quedaron incapacitadas, e unha cifra –tomada das asociacións e os medios de comunicación– de 75 menores mortos tamén a consecuencia da violencia de xénero desde o ano 1997 até o 2006.

Non existen leis perfectas. Obviamente, pois imperfecta é a condición dos que as elaboran e dos que as han de aplicar. Agora ben, os ataques infundados e as críticas acerbas que se lanzaron desde o primeiro momento contra esta lei, mostran claramente que son a reacción interesada dos que se empeñan en obstaculizar a acción lexislativa por manter os seus privilexios con menosprezo da razón e a xustiza. Ademais, a imperfección das leis non leva á súa derogación, como pediron desde o primeiro momento os sectores interesados aludidos, senón máis ben a promover racionalmente as reformas axeitadas para o seu melloramento; que é, sen dúbida, o que nós faremos por parte do movemento feminista: propoñendo no seu momento aquelas reformas que ao noso entender lle darían maior efectividade á lei.

Porén, polo momento o esencial é facerlles fronte aos propósitos dos que queren volver á *anormalidade*, ou sexa considerar que a violencia de xénero, na súa enorme complexidade, é un delito común máis dos que trata o Código penal; sendo así que a violencia sexista, como calquera outra forma de terrorismo, é un *crime ideolóxico*, consecuencia directa da repartición de poder e da organización social imposta polo poder masculino dominante, baixo o cal as mulleres pagan coa marxinação, a discriminación e a violencia específica, que soportan pola circunstancia de nacer muller. Lorente Acosta ten unha interesante disertación sobre a incidencia dos conceptos do

«normal» e «o anormal» no campo da violencia de xénero⁹. Di textualmente: «Partimos dun contexto moi ben estruturado e organizado sobre determinados supostos, co fin de establecer unha determinada orde. Todo o que pode atentarse contra esa orde é apartado, marxinado e ocultado das formas máis diversas; unha delas, e de grande eficacia, é a aparencia de normalidade. Para conseguir ese efecto, non se dubida en cambiar o ordinario polo extraordinario, o común polo excepcional, o frecuente polo raro e o normal polo anormal. O resultado está claro, a orde establecida non se ve afectada e permanece inmutable, de maneira que conforme resiste os envites, máis reforzado queda e máis adeptos consegue». A nova lei irrompe no foro xudicial cunha bagaxe normativa suficiente como para cambiar a ficción de normalidade coa que se veu entendendo na sociedade a violencia masculina contra as mulleres, polo tratamento penal e civil e o conxunto integral de medidas transversais que garantan o correctivo xurídico social que esixe a secular conculcación dos dereitos humanos das mulleres.

Obstáculos e campañas contra a lei

En canto á Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, quedou aprobada –e por unanimidade, feito insólito na actual lexislatura, dada a estratexia de tenaz renuncia do maior partido da oposición–, saíron á luz en fervenza as diatribas publicadas contra esta nos medios gráficos e audiovisuais coa singularización de sinaturas e a participación de personalidades de destacada significación na vida do país. Os sectores da poboación máis vinculados aos intereses privilexiados polo sistema envorcáronse e séguense envorcando en ataques á lei.

Algunha vez comentei a observación de Susan Faludy de que os reiterados intentos das mulleres por ocupar o lugar que lexítimamente lles corresponde na historia fracasaron unha e outra vez, sen chegar nunca a se consolidaren¹⁰. Debido, ao meu xuízo, a esa especie de mimetismo de que se vale o patriarcalismo para perdurar en permanente adaptación a formas e maneiras cada vez máis sutís, e polo tanto máis difíciles de detectar do que se desprende que o dereito da cidadanía das mulleres non sexa nunca equiparable ao dereito cidadán dos varóns¹¹.

⁹ Lorente Acosta, M., «Efectos e secuelas de la violencia familiar», en *Convivere*, 2004, Centre de Congressos Ciutat d'Élx.

¹⁰ Faludy, S., *Reacción. La guerra no declarada contra la mujer moderna*, Anagrama, 1993, Barcelona.

¹¹ Pérez del Campo, AM., «Conceptos equivocados o equivocaciones interesadas», en *Sin equívocos: violencia de género y otras formas de violencia en el seno de las familias*, UNAF, 2006, Madrid.

Unha das medidas máis valiosas da LIVG, se de verdade se aposta pola erradicación da violencia, é a que recolle o capítulo II baixo o rótulo de «No ámbito da publicidade e dos medios de comunicación», no que cabe destacar o art. 14, polo decidido mandato legal que regula ao transmitir imperativamente que «os medios de comunicación fomentarán a protección e salvagarda da igualdade entre home e muller, evitando toda discriminación neles».

A difusión de informacións relativas á violencia sobre a muller garanten, coa correspondente obxectividade informativa, a defensa dos dereitos humanos, a liberdade e a dignidade das mulleres vítimas da violencia e dos seus fillos. En particular, terase especial coidado no tratamento gráfico das informacións. Poñer a énfase e a responsabilidade nos medios de comunicación, confiar na función que deben desempeñar os xornalistas como profesionais da información, a estas alturas da historia milenaria da violencia masculina cara ás mulleres non está exenta de fundamento. O poder dos medios de comunicación de masas provén da aceptación de credibilidade que, merecida ou gratuitamente, lles conceden a multitude de oíntes, lectores ou telespectadores. O que os lectores ven publicado en letra impresa, ou os oíntes por radio, e non digamos se a imaxe que emite a televisión, leva o marchamo da veracidade. Por iso, sexa ou non ese o papel dos medios, preténdano ou rexéiteno, crean opinión; e acabar coa violencia de xénero esixe nada máis e nada menos que cambiar a mentalidade dunha inmensa maioría da sociedade, e iso significa tomar partido en contra do terrorismo de xénero, coa mesma contundencia, con igual perseveranza e convicción co que todos os medios de comunicación o fixeron fronte ao terrorismo político. Na prevención desta atroz violencia os medios de información son indispensables; non educan só os pais nin a escola; a influencia mediática é unha escola permanente que pode transmitir o reproche social ou fomentar os arquetipos, os mitos, a violencia simbólica, só con que llo/llelo propoña. Como indica a xornalista Ana Balseiro, no terrorismo de xénero, as vítimas foron até agora as grandes perdedoras do discurso mediático¹².

Seguindo ese traballo de Balseiro con algunha extensión polo seu carácter excepcional –no dobre sentido de perfección e excepción–. Explica a súa autora que, botando a vista atrás, podemos afirmar que a violencia sexista pasou na punta dos pés e disfrazada» polas páxinas dos xornais até comezos dos anos 80. Até esas datas, a prensa limitábase a recoller nas seccións de «Sucesos» e entre as noticias de interese menor,

¹² Balseiro, A., «Análisis de la responsabilidad de los medios de comunicación», en Curso de expert. en malos tratos, UNED, 2006-2007, Madrid.

os ataques sexistas que causaban grandes lesións ou a morte das mulleres, noticias que titulaban con expresións como «Rifa» ou «Disputa matrimonial». Aínda discorrería máis tempo antes de que os medios de comunicación se decidisen a definir como malos tratos a violencia masculina sobre as mulleres. Aínda recordo a dor con que unha muller, en certa ocasión, clamaba: «Como poden chamar malos tratos ao que me fixo, vivín unha tortura sen fin, que tiña que soportar para que me permitise seguir con vida, pódese chamar maltrato a ese inferno...»!

Balseiro cita no seu traballo a obra de Susan Sontag «*Ante a dor dos demais*»¹³: «a compaixón é unha ecuación inestable. Necesita traducirse en accións ou múrchase». O seu argumento –explica Balseiro–, aplicado ao terrorismo de xénero, é dunha extrema contundencia, sobre todo porque as mulleres non pretendemos inspirar compaixón, o que reclamamos é xustiza. Os medios de comunicación sensibilízanse co problema a través do caso «especial» pola hipersensibilidade do discurso de Ana Orantes. Pero o que debía ser un claro compromiso cun cambio social en pro da finalización da violencia contra as mulleres, chegouse a converter nunha baza do discurso patriarcalista que trata de silenciar novamente as vítimas, converténdoo ademais en obxecto de maior vitimización, porque as estigmatiza ante a sociedade.

«Cerimonia da confusión» chamou outra xornalista, Nuria Varela¹⁴, á desorbitada reacción e a choiva de críticas que espertou no seu día o proxecto da Lei integral contra a violencia de xénero, en canto entrou no Congreso dos Deputados. Varela recorda os poderes conservadores e os compañeiros de viaxe que dunha e outra cor política defenden o poder masculino en exclusividade ou repartida con quen os varóns designan para cubrir as aparencias de certa igualdade; é dicir, reservándose a prerrogativa de designar as mulleres que consideran dignas de participar nos órganos decisorios do poder.

Á campaña contra a lei, súmanse mulleres que gozan de poder, como a xuíza decana de Barcelona, de quen logo falaremos. Outras institucións con maioría de membros de signo conservador na súa composición, como o Consello Xeral do Poder Xudicial ou o Consello de Estado, consignaron os seus puntos de vista contraditorios á realidade histórica; por exemplo, o primeiro dos corpos consultivos citados, no seu informe previo preceptivo –polo demais non vinculante– negábase a admitir que as relacións de familia se practicasen baixo o dominio dos homes sobre as mulleres, ou a rexeitar a existencia dunha cultura machista ou sexista como problema social, ou que esta

¹³ Sontag, S., *Ante el dolor de los demás*, Alfaguara, 2003, Madrid.

¹⁴ Varela, N. *Feminismo para principiantes*, Ed. B., 2005, Barcelona.

secular cultura universal lle outorgase carta de natureza ao dominio e á posesión do home no ámbito da parella. E en canto ao Consello de Estado, os seus 25 membros varóns con ausencia total de mulleres, dixeron que a situación de dominación sobre as mulleres que o anteproxecto describía «é máis propia de países do terceiro mundo, concretamente África, polo que non resulta axustada a España, onde padecemos unha concreta situación de violencia doméstica»¹⁵.

Tampouco faltaron ataques dalgún que outro varón do propio partido no Goberno promotor da lei, como o ex presidente da Comunidade de Madrid, Joaquín Leguina; quen cargou as tintas contra o feminismo radical, dicindo: «esa barreira infranqueable, esa loita de sexos que as máis radicais pretenden conducir, ten a súa expresión máis desalentadora no tratamento intelectual da violencia doméstica ou de xénero, onde negando a análise, se pretende que todo ese complexo fenómeno se reduza a un só impulso: a violencia intrínseca do macho, aínda que sexa intelectualmente ilexítimo sumar asasinatos con presións psicolóxicas. A campaña emprendida, cuxos efectos positivos son evidentes, tamén se pretende explotar para, a partir duns comportamentos patolóxicos, deducir unha lei xeral acerca do comportamento dos varóns en xeral»¹⁶. Palabras que denotan a incoherencia deste profesor de Estatística, Sr. Leguina, cando se limita a criticar tanxencialmente as posicións do feminismo en lugar de se deter a analizar, co coidado que require, unha fenomenoloxía como a da violencia de xénero, que el mesmo recoñece que é complexo.

Este rosario de críticas e campañas culminou no discurso da xuíza decana de Barcelona, a Sra. Sanahuja, que, desde o seu posto institucional, se dedicou a compartir e darlles ás mensaxes das organizacións de homes significados eles mesmos por perpetrar condutas violentas contra as mulleres. O conxunto de críticas e campañas tivo o efecto de converter as vítimas en vitimarias e os agresores en vítimas. Segundo as devanditas mensaxes, as mulleres mentían, as súas denuncias eran falsas, elas tamén agredían; canto ás mortas cada vez eran menos noticia. As organizacións de varóns violentos desenvolveron unha auténtica campaña en descrédito da Lei e apoloxía da violencia sexista nas páxinas de Internet e estenderon as súas diatribas –sen excluír insultos, ameazas e o acoso querulante– contra os que traballan en recursos a favor das vítimas ou participan en institucións de estudo ou protección destas.

¹⁵ Varela, N., *Feminismo para principiantes*, Ed. B., 2005, Barcelona, p. 259.

¹⁶ Diario *El País*, 4 de setembro de 2004, p. 17.

O diario *El País*, do 28 de maio, difundía a noticia da irrupción da maxistrada Sanahuja na contenda. Outros xornais recollíana con tinguiduras alarmistas en titulares deste teor: «A xuíza decana de Barcelona alerta do posible abuso nas denuncias sobre violencia doméstica»; forma de expresión que, polo pronto, delata a resistencia tendenciosa que algúns medios de comunicación teñen para empregar o cualificativo de «violencia de xénero», que é o que emprega a lei. Pero, entrando no fondo do asunto, a xornalista Ana Balseiro trae a colación unha reflexión de Susan Faludy¹⁷, en que, referíndose a campañas de desprestixio ou críticas sen sentido en circunstancias semellantes ás que se produciron en España coa LIVG, escribe que: «a reacción antifeminista non se desencadeou porque as mulleres conseguisen plena igualdade cos homes, senón porque parecía posible que chegasen a conseguila». Pois ben, se a violencia de xénero é o medio máis eficaz de control sobre as mulleres, extirpala da sociedade constitúe un paso decisivo e irreversible no camiño cara á igualdade, unha arma revolucionaria de transformación do sistema polos métodos incruentos que son a razón e a xustiza.

A xuíza en cuestión, sen se molestar en apoiar as súas afirmacións en proba material ningunha, senón apenas coa ostentación do poder que lle confire o cargo que desempeña, atreveuse a lanzar pola súa conta a seguinte especie: «Dá a sensación de que algunhas persoas usan a fase de instrución para ter mellor situación na separación e estase a abusar das denuncias nos xulgados»¹⁸. O xornal salienta a continuación que se producira de inmediato o rexeitamento de «asociacións de mulleres maltratadas»; sendo así que, como apunta Balseiro, a indignación se estendeu a *todos os colectivos feministas*. Máis grave aínda resulta, por parte da xuíza nas súas extralimitacións, que se permitise engadir á súa falta de rigor o menosprezo das vítimas co sarcasmo de dicir de si mesma: «*Eu tamén son delincuente*», aludindo a que tamén ela lles daba algún cachete aos seus fillos ou os coaccionaba para que fixesen os deberes. Abunda na imputación gratuíta das denuncias falsas (sen aducir dato ou proba ningún, e aínda cando lle debía constar que no Consello Xeral do Poder Xudicial non había a menor constancia de tales denuncias falsas); e, en fin, minimiza o delito de malos tratos cualificándoo de «rifas de noivos»; a todo o cal se dedica a poñer megafonía mediante a súa comparecencia desatada ás primeiras de cambio en entrevistas e debates dos medios de comunicación¹⁹: unha verdadeira campaña sostida cun esforzo persoal, a verdade digno de mellor causa.

¹⁷ Faludy, S., *Reacción. La guerra no declarada contra la mujer moderna*, Anagrama, 1993, Barcelona, cit.

¹⁸ Periódico *El Mundo*, 13 de decembro de 2006, Catalunya.

¹⁹ Por exemplo, Diario *El Mundo*, 13 de decembro de 2006.

A desautorización destas corrosivas declaracións veu con toda contundencia por parte do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial contra a Violencia Doméstica e de Xénero, cuxa presidenta, na mesma data en que a decana de Barcelona fixo a súa declaración pública ao diario *El Mundo* –13 de decembro de 2006–, emitiu *ipso facto* un comunicado público para aclarar as opinións vertidas pola decana²⁰. O comunicado dicía que, sen prexuízo da liberdade de expresión que asiste a todos por dereito cidadán, as amentadas declaracións son rexeitables cando quen as produce o fai amparada na súa condición de cargo público e en tal condición se transmiten á opinión pública; máxime se as súas afirmacións son manifestamente falsas. He aquí algúns motivos de falsidade expresados no comunicado do Observatorio: 1º) É falso afirmar, como fai a decana de Barcelona, que non se garante a presunción de inocencia dos denunciados por violencia de xénero, posto que a Lei de medidas de protección integral *non someteu estes xusticiables a ningún estatuto procesual diferente*; senón que os xuíces lles outorgan o mesmo tratamento de garantías constitucionais e legais que aos denunciados polos restantes delitos; 2º) É rigorosamente falso que os xuíces condenen sen probas ós acusados por malos tratos, como pregoa nas súas intervencións a decana, cando *cos datos que constan no CGPJ*, se demostra que, das 8.495 sentenzas recaídas por delitos de violencia de xénero durante o período comprendido entre o mes de xuño de 2005 e o mesmo mes de 2006, 3.273 (o 39%) foron absolutorias; 2.333 (27%) foron condenatorias coa conformidade do acusado, e 2.889 (34%) sen a devandita conformidade; 3º) Afirmer, como fai a mencionada decana, que a Lei integral introduciu no Código penal a sanción por actos de «mala educación» no ámbito da parella, indica non só afirmar unha falsidade, senón que ademais se incorre nunha ignorancia inescusable, pois demostra a *incapacidade para distinguir entre un concepto tan relativo, subxectivo e casuístico como a mala educación, coa protección do ben xuridicamente obxectivo que é a integridade física e a liberdade das persoas cando se someten a sanción xudicial os actos de malos tratos, ameazas, lesións, vexacións e demais que recolle a lei*.

Da maior magnitude é o reproche que o comunicado do Observatorio lle fai á xuíza decana, a Sra. Sanahuja, ao resaltar como *ofensivo para as vítimas de violencia de xénero* o que a xuíza, referíndose á aplicación da Lei integral se inclúe a si mesma como servidora da Xustiza con estas falsas palabras de autoinculpación: «*causámoslles unha grande dor a un montón de homes*»; apreciación verdadeiramente escandalosa en boca de quen ten o poder de sentenciar condutas alleas, se se ten en conta o número

²⁰ Comas d'Arguir & Cendra Montserrat, *Observatorio contra la violencia doméstica y de género, Comunicado de la Presidenta*, 13 de decembro de 2006, CGPJ.

abafador de vítimas que a violencia de xénero causou nos últimos anos: 62 mulleres perderon a vida a mans da súa parella ou ex parella. En reproche literal e paladino, o comunicado do Observatorio remata con estas palabras: «*as persoas con responsabilidades públicas temos deber de ser prudentes, ecuánimes e xustas á hora de facer declaracións, máxime cando se exerce un cargo institucional, en representación doutros xuíces*».

O ruído en contra da LIVG prosegue, a violencia masculina contra as mulleres ascende, alimentada pola extemporánea e virulenta reacción do activo patriarcalismo residual. Son estas, circunstancias que non se poden deixar de lado na análise tanto dos logros prácticos conseguidos como do reforzo que deben supoñer as medidas lexislativas que considera a lei; unha lei obrigada a superar obstáculos, a vencer manipulacións baixo pretexto de xuridicidade. En definitiva, unha lei excesivamente benévola co agresor sexista, pero estruturada cunha normativa que permite transcender a dobre vertente da definición e protección dos dereitos individuais, por unha parte e por outra a punición da vulneración deses mesmos dereitos, a *campos tan heteroxéneos entre si* –que iso é o que se indica coa expresión acuñada da «transversalidade»–, como os da sanidade, a acción da sensibilización social, a publicidade, a protección social, os medios de comunicación, a prevención e as medidas laborais. Pois ben, que este aspecto *novidoso* de buscar a efectividade práctica nunha materia determinada, sexa o que inspirara a elaboración dunha lei de carácter global, unitario e exhaustivo ou «*integral*», non é razón que xustifique arremeter contra ela na forma en que se fixo. *A mínima boa fe e a honestidade cidadá esixían –e esixen– que, sen minimizar os riscos e as dificultades –mesmo os da técnica xurídica– que polo seu sentido innovador a lei entraña, se xunten cos esforzos de todos para facela prosperar nas mellores condicións posibles, contando por suposto coas reformas que unha vez aplicada a Lei se vexan convenientes para a optimizar.*

Todo iso, coa mira posta no fortalecemento e na consolidación dunha sociedade que, liberándose da violencia sexista, exhibe o principio da igualdade como norma suprema da súa condición democrática.

Unha aplicación irregular nos xulgados de violencia sobre a muller

A LIVG foi acollida con entusiasmo polas organizacións de mulleres que, desde os anos 70 do século XX, lle levaban reclamando ao lexislador unha solución xurídica eficaz contra a violencia de xénero na súa total complexidade. Antes da Lei integral, as vítimas estiveron, como quen di, nun infrutuoso ir e vir *de Anás a Caifás*, sen

acharen a abertura xurídica que lles permitise alcanzar xustiza na orde civil ou no penal. Os xuíces da separación e o divorcio resolvían no seu foro con pulcritude aséptica rexeitando no xuízo todo intento de proba das acusacións de violencia soportadas polas mulleres, para maior desespero destas, porque a violencia –como é sabido de todos– repercutía na vida familiar e na situación dos fillos; pero as sentenzas pronunciábanse sen estimación da causa desencadeante do conflito separador, aducindo por toda xustificación do fallo ao socorrido eufemismo de cesar o *afecto marital* entre os esposos, coma se o desamor tivese exclusivamente patente de curso para quebrantar as normas dunha convivencia pacífica.

Este entendemento da xustiza acerca do matrimonial resultaba tan inxustamente tolerante para os agresores como frustrante para as vítimas. Enténdase que non se trataba, por parte das mulleres, de que se evidenciase a culpa e lla/llela condenase como unha *vendetta* na sentenza; senón que o respecto á diversidade do foro que impide sancionar a título punitivo en sede xudicial civil, non obsta a que este xuíz pronuncie na causa que lle compete o reproche legal pertinente, cando o xénero de conduta que incide nesta o reclama. Pasar por alto a vulneración dos dereitos humanos que se manifesta no proceso matrimonial separador –aínda que sexan os das mulleres–, non fai senón dar pábulo á consideración de *normalidade* con que se xulgan certo tipo de condutas violentas, coa consecuencia odiosa de que o agresor, a vítima e, en suma, a mesma sociedade participen, con semellante referente, do mesmo concepto da normalidade.

Agora ben, que acontecía na xurisdición penal, antes da LIVG, cando unha muller agredida acudía coa súa formulación específica? A letrada María Xosé Varela Portela explica así: «Non existía no Código penal unha figura específica que tipificase a violencia machista. Os malos tratos tiñan o seu reflexo... en función do resultado lesivo causado igual que calquera outra acometida padecida (... Até 1989 non tivo entrada no Código penal) unha figura que describía a violencia habitual na familia como delito, aínda que non existise resultado lesivo ou este fose leve, polo que se dota por primeira vez o Código penal dun instrumento específico para a súa persecución penal»²¹. E, porén, á hora de poñer en práctica a aplicación do devandito precepto agora vixente, os xuíces pérdense na discusión sobre a doutrina que cómpre sentar sobre extremos tan de sentido común como o alcance do termo «habitualidade» (que todo o mundo entende por costume de vida, perfectamente distinguible do accidente

²¹ Varela, M. J., *El Derecho y su responsabilidad histórica en la violencia de género*, Curso 2006-2007, Expert. universitario en malos tratos, UNED.

ou suceso insólito). Iso non obstante, Jaime de Lambo Louro²², citado por María José Varela, afirma que a doutrina discutiu moito sobre a natureza, tipificación, oportunidade, etc., coa consecuencia da inaplicación do precepto ante a incerteza que se lle atribuíu. Isto confirman as autoras do estudo que realizou a Asociación de Mulleres Xuristas en 1996-1997, cunha mostra de 200 casos en todo o Estado, co resultado de que tan só nunha ocasión se aplicase o precepto e que recaese en absolución ou condena por lesións, e como falta, nos demais casos.

Ante unha situación como a descrita, a Lei integral representaba a esperanza de xustiza. As denuncias por malos tratos aumentaron. Este é un aspecto moi favorable da lei. As mulleres queriamos confiar na lei, e as vítimas, vencendo os seus xustificados medos, pasaron a denunciar en maior proporción. As denuncias non eran falsas, como se quixo facer crer, senón a consecuencia lóxica de dar crédito a unha lei que garante protección e resarcimento e que regula un conxunto de medidas preventivas e de sensibilización da conduta delituosa da violencia sexista; e resulta coherente, polo tanto, o aumento das denuncias.

Agora ben, unha vez feitos os recoñecementos anteriores, ¿cales foron na práctica os beneficios para a vida das mulleres que sofren o atroz fenómeno da violencia de xénero?

Polo de pronto hai que deixar ben claro que esta é unha *lei en desenvolvemento*. O que quere dicir que a diversidade de medidas que a Lei considera –por exemplo acerca da sensibilización, no título I; ou no ámbito educativo, do capítulo I; ou da publicidade e os medios de comunicación, do cap. II– han de requirir o transcurso dun tempo suficiente para poder detectar os efectos e defectos da súa aplicación. Son datos que van esixir estudos minuciosos para verificar se se parte ou non dunha perspectiva de xénero nos programas de actuación e na formación das profesións chamadas a intervir nestas, así como na aplicación da normativa legal, tanto polos xuíces coma polos fiscais, avogados e demais coadxuvantes da función xudicial.

A Lei integral contra a violencia de xénero non é un *carne por puntos*, do que se poidan ir descontando as infraccións... e xa! Esta lei é quizais a máis completa pero tamén a máis complexa de cantas se deran na actual democracia. O feito de que fose aprobada en Cortes por unanimidade –convén recordalo– convértea na decisión con maior respaldo popular respecto de calquera outra lei coa que se queira comparar.

²² Lamo Rubio, J., *Violencia doméstica, Aspectos jurídicos*, Ministerio de Xustiza, 2000, Madrid.

Agora ben, negar que as campañas que na súa contra se dirixiron deixasen de influír na súa aplicación por parte de moitos xuíces, sería ignorar a realidade «as mulleres –en palabras de Varela– morren en proporción alarmante. As denuncias, pese a que aumentaron, seguen mostrando unha mínima parte da realidade»²³. Só que agora, se pasou de negar, ocultar e deformar a existencia da violencia, a negar, ridiculizar e minimizar a propia realidade, aducindo que as denuncias son maioritariamente falsas e que encerran calculadas manobras das mulleres para mellorar a súa posición no litixio da súa ruptura de parella. Esta idea tendenciosa, amplamente difundida polas diferentes capas e sectores sociais, contaminou en exceso a resposta ante a violencia que sofren as mulleres mesmo por parte da Xustiza.

Hase de recoñecer que unha das medidas que máis contribuíu a tranquilizar no posible as vítimas da violencia foi a Orde de protección do art. 62 da LIVG, na remisión que fai ao art. 544 ter da Lei de axuizamento criminal. E, no entanto, consta en sentido desfavorable, que a concesión destas «ordes de afastamento» se está a impartir dun modo enteiramente atípico e irregular debido á discordancia existente entre os xuíces. Tanto en canto á *concesión da orde* en si mesma como en canto ao *tempo de vixencia* do afastamento; cuestións ambas as dúas en que a discrecionalidade xudicial se inclina con relativa frecuencia pola denegación, aínda en contra do informe do Ministerio Fiscal.

Malia o anterior, ultimamente e en opinión da letrada Díaz Gaitán²⁴, parece xeralizarse o criterio xudicial de que as medidas preventivas penais deben rexer por todo o tempo que dure a tramitación da causa, isto é, até a produción de sentenza firme.

Sen ánimo de xeralizar, nunha lei que, como a de LIVG, está sometida a tantas presións na súa aplicación, pódese sinalar a circunstancia da súa enorme variabilidade, cando uns xulgados cumpren puntualmente as prescricións sinaladas na lei, e noutros se incúmpren sistematicamente ao interpretalas en forma contraria ao propósito perseguido polo lexislador. Segundo a letrada María José Varela²⁵ –que recolle o dato do ex presidente da Sala Segunda do Tribunal Supremo, Augusto de la Vega Ruiz, quen á súa vez se remite á xuíza asociada de Puerto Rico cando dixo «...os xuíces son a

²³ Varela, M.J., *El Derecho y su responsabilidad histórica en la violencia de género*, cit. p. 5.

²⁴ Díaz-Gaitán, M. J., *La Ley de medidas de protección integral contra la violencia de género ante el hostigamiento del maltratador*, UNED, Curso 2006-2007, Expert. universitario en malos tratos, UNED.

²⁵ De la Vega Ruiz, A., *Las organizaciones familiares en la violencia doméstica*, p. 20, Aranzadi; cit. por Varela, M. J., *Curso 2006-2007*, UNED.

última autoridade no sistema xudicial, e se non logramos manexar os casos de violencia co enfoque e interese apropiados, correremos o risco de facer que estes crimes sexan considerados como algo trivial e insignificante». «...os xuíces –continúa a cita– non podemos ignorar en particular os (crimes) cometidos contra as mulleres. Restarlles importancia limitaría a efectividade da intervención xudicial neste tipo de casos e agravaría o xa inxente problema social».

Polo camiño que imos, que a lei chegue a ser un verdadeiro instrumento para a Xustiza vai resultar na práctica unha cuestión de «sorte», se os resultados da súa aplicación han de depender de interpretacións xudiciais que son contraditorias entre si, e de que as intervencións do Ministerio Público acaezan con maior ou menor asiduidade. As ditas fluctuacións na administración da Xustiza, só poden ser recibidas polo xusticiable cun evidente *sentimento de inseguridade*, que é a peor acusación que pode lanzarse contra a Xustiza en orde á súa credibilidade.

É frecuente que o Ministerio Fiscal deixe de se sumar ao pedimento dunha orde de protección, se a declaración da vítima da violencia non vai acompañada dun «parte de lesións físicas», por considerar que este é un medio imprescindible para obxectivizar a declaración da parte. Con iso privase as mulleres vítimas da violencia, da medida preventiva de protección que consideran os arts. 31 (protección contra as ameazas) e 39 (protección contra as coaccións), ambos os dous da *LIVG*; supostos englobados na terminoloxía ao uso como «violencia psicolóxica», e que, como a experiencia diaria ensina, supoñen un alto risco de que a muller habitualmente ameazada acabe sendo vítima da morte.

Nos xulgados de violencia de Madrid, fíxose frecuente que o xuíz denegase a orde de protección, aínda que fose instada pola acusación e o fiscal, sendo rexeitadas estas peticións, co argumento de que, aínda apreciándose indicios de delito non existe risco para a vítima por esta se achar nalgunha casa de acollida ou nalgún centro de recuperación integral cuxa localización –segundo entende o xulgador– é descoñecida polo acusado. Nestes casos, e ante a inhibición do Fiscal, o recurso séguese unicamente pola acusación particular por pedimento da vítima.

Outro obstáculo á recta aplicación da lei é a tendencia non escasa dos xuíces de rexeitar ou considerar sen valor suficiente os informes sobre malos tratos emitidos polas casas de acollida e polos centros de recuperación de mulleres maltratadas. E, tamén os informes dos Servizos Sociais, das comunidades autónomas ou da Administración central, como son as áreas de muller, centros dependentes de Asistencia Psicolóxica,

Social e Xurídica. Parece ser que o xuíz non considera suficiente garantía de obxectividade o criterio destas institucións, pese a que os mesmos dependen do organismo público, ou, se son centros privados, están subvencionados con diñeiro público e, polo tanto, sometidos a especial fiscalidade. Non se comprende tanta renuncia e mesquindade, de parte de xuíces e fiscais, tratándose dunha medida que polo seu carácter preventivo e segundo a preveu a LIVG, está orientada a impedir que se chegue a unha situación tal en que a comisión do delito sexa xa inevitable.

A rebelión contra a LIVG non cesa. Recentemente apareceu nos medios informativos a noticia de que os xuíces do Penal de Alicante pretenden deixar de impoñer prisión nos casos de maltrato cando ao seu xuízo non reúnan a condición de sexistas. Unha maxistrada acaba de ditar a primeira sentenza en que cuestiona que todas as agresións producidas por un home contra a súa muller ou parella no ámbito familiar sexan violencia de xénero ou se poidan circunscribir na categoría de ataques machistas. Parece ser que tal sentenza, segundo fontes do Pazo de Xustiza, vai ser tomada como referencia polo resto dos xuíces.

A este intento da maxistrada de desvirtuar a lei nos termos indicados, opúxose a Fiscalía por considerar que semellante criterio supón *burlar* a Lei integral. En efecto, calquera xuíz no seu exercicio debe asumir os principios xerais do Dereito, e saber distinguir entre as presuncións que a lei establece *iuris tantum* –as cales admiten proba en contrario– e as *iuris et de iure*, que non o admiten por ser fundamento mesmo e razón de ser do precepto ou da normativa legal erixido. É así que a lei (tít. prel., art. 1, obxecto da lei, 1, 2 e 3) sentou como principio da súa constitución a *presunción de que os malos tratos inferidos por varón contra a muller que lle está vinculada como esposa ou equivalente afectivamente obedecen ao sentido historicamente prevalente de dominio do varón sobre a muller na nosa sociedade*; logo o xulgador non pode cuestionar a presunción legal e dar paso á proba en contrario, baixo pena de incorrer en prevaricación. Fronte ao imperio desta realidade xurídica, non caben consideracións a conta da función interpretativa dos xuíces, porque esa facultade non lles permite crear alternativas distinguindo onde a lei non distingue, nin menos desbotar a diversidade de criterio de cada xuíz convertendo o proceso xudicial nunha investigación sobre as intencións que movan o agresor a exercer violencia sobre a súa vítima. Nada máis afastado do sentido da Xustiza, que envorcar en *xuízo de intencións* as razóns que movan a delinquir o agresor sexista.

A tanto equivalería a ignorancia supina de interpretar que a violencia de xénero deba distinguir entre sectores da poboación de diferente composición social, económica, cultural, relixiosa etc., menosprezando o concepto técnico con que a propia lei recibiu

no noso ordenamento a definición consagrada polos organismos competentes de ámbito internacional, ao referir a violencia de xénero a «*as agresións sufridas pola muller como consecuencia dos condicionantes socioculturais que actúan sobre o xénero masculino e feminino, situándoa nunha posición de subordinación ao home e manifestadas nos tres ámbitos básicos de relación da persoa maltratada no seo das relacións de parella, agresión sexual na vida social e acoso no medio laboral*» (Exposición de motivos, pfo. terceiro). Fronte a esta realidade xurídica legal, será lícito criticar a lei, impugnala, propoñer modificacións etc.; todo menos *aplicala en contra dos seus designios so pretexto do labor xudicial interpretativo*; porque esta pretensión entra de cheo na figura delituosa da *prevaricación de funcionarios públicos*, segundo a tipifica o art. 406 do C.p. vixente na Xurisprudencia común: sentenza arbitraria («irrazoable») a sabendas (con intención «deliberada») por vulneración de normas substantivas ou procesuais (que «desborden, de modo flagrante e clamoroso, a legalidade vixente») e por imprudencia grave (imputable á ignorancia «inescusable»). No caso, a xuíza de Alicante pioneira desta solapada impugnación da lei vixente e os demais maxistrados que –segundo a información pública que se mencionou– secúndena, estarían a efectuar unha tentativa de boicot á lei polo procedemento *deliberado e irrazoable* de ignorar *inescusablemente* o concepto técnico e universal que a LIVG estableceu como base e fundamento da súa inserción no ordenamento xurídico do Estado español. Por outra parte, calquera entende que, de tomar tinguiduras de xeralidade a iniciativa emprendida pola xuíza de Alicante, nos acharíamos ante un caso de invasión do poder dos xuíces no campo propio do lexislativo, ao pretender emendar pola vía dos feitos o labor específico dos corpos lexislativos, coa necesaria intervención do Consello Xeral de Poder Xudicial e, no seu caso, do Tribunal Constitucional, o que daría lugar ao conflito xurisdiccional creado pola extralimitación dos xuíces.

Unha reflexión sobre o aumento da violencia sexista

Sen entrar en disquisicións sobre outro xénero de intencións, é posible que, debido ás veces ao descoñecemento sobre a complexidade do fenómeno da violencia de xénero, certos sectores da sociedade pecasen de inxenuidade, ao esperar que unha lei con apenas tres anos de rodaxe puidese frear o ataque dos varóns sexistas. Non debe haber motivo de escándalo nin causa para rasgarse as vestiduras contra a lei, coma se ela fose a causante das mortes de mulleres que cada día se producen para dor e consternación dunha sociedade que se di democrática.

Agora ben, é necesario reflexionar sobre os motivos que seguen alimentando este tipo de violencia, a pesar de que a sociedade sen discrepancias, co voto unánime dos seus

representantes parlamentarios, apostou en favor dunha lei que, como a *LIVG*, pretende combater a violencia sexista desde todos os ángulos. Cando se persegue acabar con calquera inxustiza social que gozara do beneficio da legalidade que secularmente lle conferían unhas leis que ademais representaban un privilexio para o poder dominante masculino dentro das canles da máis absoluta normalidade, ante un risco que se percibe como real, de perder semellantes privilexios, prodúcese unha reacción espontánea e belixerante en extremo.

O temor ao cambio real sucede cando se albisca o risco de pasar das proclamacións ou da letra morta das convencións, resolucións ou tratados á acción da vixencia dunha lei con vocación de erradicación do mal. Pero para que a efectividade da lei se cumpra, fai falta que a aplicación da normativa legal se leve a cabo interpretando a norma de acordo coa filosofía xurídica que a inspira; algo que se converteu nunha aspiración que tropeza en moitas ocasións con incontables escollos, segundo quedou anteriormente referido.

Outro motivo que pode explicar o aumento da violencia, estriba en que ao entrar en vigor a *LIVG*, as mulleres que soportaban a tortura da violencia, confiadas ou máis ben esperanzadas pola información que se transmitía acerca das medidas de protección para as vítimas, cobraron ánimo, venceron o temor coa axuda das psicólogas dos servizos de atención, e confiando na acción da Xustiza, lanzáronse a denunciar de forma considerable. Non querían seguir cargando coa imputación que en multitude de ocasións se lles atribuíu, de ser elas mesmas responsables da violencia que soportaban por non se atreveren a denunciar. A pesar do aumento de denuncias experimentado na confianza que as vítimas depositaron na lei, este non supuxo máis dun 5% do xa existente (10%), o que supón que aínda segue silenciado o 85% da violencia de xénero que as mulleres soportan en España. No entanto, o aumento de denuncias co fallo na aplicación da lei por parte dalgúns xuíces, acompañados polas campañas dos varóns violentos e o seu séquito feminino, fixo que proporcionalmente a violencia sexista aumentase e as mortes das mulleres tamén.

Datos e cifras sobre a lei

Antes de rematar, recollerei algúns datos da información do Observatorio da Violencia de Xénero do CGPJ correspondente ás mortes violentas de mulleres producidas durante o ano 2006 por violencia de xénero. Na introdución dese informe, lese que «efectúase unha análise específica das mortes por violencia de xénero (...coa) finalidade principal (...de) coñecer os casos en que, previa á morte, existía constancia dos órga-

nos xudiciais dalgunha denuncia por malos tratos». Trátase, polo tanto, dun informe enfocado estritamente desde o campo xudicial, en que, con toda honestidade se aclara que «non recolle –aínda que si solicita información– sobre as mortes violentas que poidan presentar unha aparencia de atoparse no ámbito da violencia doméstica ou de xénero»²⁶.

O informe baséase, e así o ratifica o propio estudo, naquelas mortes que «foron cualificadas tecnicamente, xuridicamente, como tales polos xuíces instrutores». De aquí –conclúe o informe– «que os casos sobre os que se pediu información sexan máis numerosos que os que finalmente foron incluídos neste informe e, o que é máis importante, a posible disparidade de cifras con informes publicados por outras institucións». A aclaración permítenos asegurar que hai unha desproporción entre a morte das mulleres a causa da violencia de xénero e a reflectida no informe do Observatorio, a causa do criterio de suxeición á constancia nos rexistros xudiciais que se seguiu na recollida dos casos obxecto do estudo que imos comentar.

O categórico da nosa afirmación sobre este extremo baséase en todos aqueles casos en que unha vez causada a morte violenta da muller, o agresor suicídase antes da súa detención policial ou entre a súa detención e a súa comparecencia perante o xuíz. No ano 2006, o Observatorio examinou 96 mortes en circunstancias violentas, das cales se excluíron 8 por non seren cualificadas como de violencia de xénero nin doméstica polo xuíz instructor. Ao seguinte teor:

CAUSAS DE EXCLUSIÓN

3 - porque non se dá relación de parentesco

2 - morte de menores non dolosas

1 - por suicidio

1 - por acontecer fóra do territorio español

1 - grave enfermidade psiquiátrica

O número de casos estudados por violencia doméstica e de xénero redúcese a 88 con 91 vítimas, xa que nalgúns dos casos o agresor acaba coa vida de máis dunha persoa, xeralmente os fillos ou os familiares menores que se atopaban coa muller.

As mulleres mortas en 2006 foron 77, tres delas menores de idade. O sexo do agresor dos 88 casos cualificados de violencia doméstica ou de sexo, é o seguinte:

²⁶ Informe sobre muertes violentas en el ámbito de la violencia doméstica y de género en el ámbito de la pareja y ex pareja el año 2006, CGPJ.

81 - varón..... 92% do total
7 - muller..... 8% do total

O informe non considera, no caso do 8% das mulleres agresoras, se a violencia se correspondía ou non coa lexítima defensa.

PARENTESCO ENTRE AGRESOR E VÍTIMA

- * **53 mortes con vínculo matrimonial ou relación de convivencia equiparable (58% do total)**
- * **27 con vínculo matrimonial (29,6% do total)**
- * **18 parellas de feito (19,81% do total)**
- * **8 en relación de noivado (8,8%)**
- Parellas en crise ou en que xa non se mantíña convivencia:**
- * **19 (29,9%)**
- * **5 mortes violentas da ex muller (5,51%)**
- * **7 mortes da ex compañeira (7,7%)**
- * **5 mortes da ex noiva (5,5%)**
- * **2 mortes da muller en iniciación de trámites de separación (2,2%)**

NACIONALIDADE DA VÍTIMA E O AGRESOR

- * **17 casos en que tanto o agresor como vítima son estranxeiros (18,2)**
- * **21 casos en que o agresor é estranxeiro (23,9%)**
- * **21 casos en que a vítima é estranxeira (23,9%)**
- * **72 casos con agresor e vítima españois (70,5%)**

SUICIDIOS

- * **13 casos en que o agresor se suicidou despois de cometer o crime (14,8%)**
- * **12 casos en que agresor e vítima eran parella**
- * **1 caso en que o agresor era o fillo da vítima**

MENORES IDADE E PARENTESCO

- * **5 menores mortos por V.X. en idades entre 2 e 7 anos**
- * **2 de 7 anos**
- * **1 de 5 anos**
- * **1 de 4 anos**
- * **1 de 2 anos**

Os crimes foron cometidos polo padraστο, o compañeiro sentimental da nai, o pai e un tío do menor, respectivamente.

Na análise dos casos con antecedentes de procedementos incoados sobre esta materia que chegaron ao Observatorio, o 27,3% do total dos 88 procedementos recorreran á xustiza en demanda de protección, a pesar do cal se produce o desenlace fatal, sen que sirva de escusa, consolo ou pretexto o que no 73% dos casos de morte restantes a situación de violencia non transcende ao ámbito xudicial; polo seu descoñecemento do acto delituoso a xustiza está exenta de responsabilidade; en cambio, nos casos en que, tendo pleno coñecemento do exercicio da violencia, se usaron as abundantes medidas de protección que recolle a lei, como sucede con frecuencia, a plena responsabilidade do xuíz instrutor e do fiscal pode chegar a ser indiscutible.

O dato que a continuación facilita o informe produce indignación, ademais do descrédito que supón para a Xudicatura e a Fiscalía, e tamén para a Defensa de parte na súa función acusatoria. O informe, referíndose a 24 procedementos incoados con anterioridade á morte da vítima –procedementos en que os xulgados tiveron sobrada información da perigosidade que corrían as mulleres–, estas formularon as súas denuncias ou demandas de auxilio nas seguintes proporcións: o 50% en 1 procedemento; o 29,20% en 2 procedementos e o 2,80% en 3 ou máis procedementos.

O estudo facilita unha valiosa información sobre o tempo transcorrido entre a iniciación dos procedementos e a data da morte violenta: 14 meses entre o inicio do procedemento e a morte da vítima; que no 19% dos casos se reduce a 6 meses. Do informe despréndese que os procedementos se inician por instancia da vítima. Pero hai un dato que vén confirmar o que as organizacións de mulleres expertas en violencia de xénero constantemente denunciamos: resulta que no 10,7% dos casos, o denunciante no procedemento é precisamente o que ao final resulta ser imputado como presunto homicida. Esta é unha demostración clara da capacidade estratéxica que adoitan utilizar moitos agresores para confundir sobre as súas intencións, e da indebida credibilidade que se presta ás súas denuncias.

Só nun 42,9% dos procedementos en curso por violencia doméstica e de xénero, se adoptou a medida preventiva de afastamento, que a sentenza, finalmente recaída, acorda nun 4,84%, nos chamados xuízos rápidos, a prohibición de aproximación e a comunicación por tempos que oscilan entre cinco anos e menos dun ano.

O que se bota en falta no informe é que non recolla o cómputo total das medidas preventivas solicitadas polas mulleres vítimas de violencia de xénero que continúan

con vida, cantas desas solicitudes foron concedidas e cantas denegadas. A experiencia da Federación é que se denegan máis do 50% e que moitos xuíces lles conceden ás vítimas unha credibilidade practicamente nula; que a muller denunciante, máis que prestar declaración en condición de tal, responde a unha especie de interrogatorio acusatorio, coma se ela fose a agresora.

A desprotección da muller queda demostrada co dato do informe sobre a asistencia letrada: no 52,6% dos casos non consta a intervención de defensa letrada da vítima. O imputado está asistido no 100% das causas por delito e no 45,5% dos xuízos de faltas.

A LIVG é un instrumento legal indispensable para abrir o camiño á erradicación da violencia de xénero. Pero a súa aplicación, na maioría dos casos, réstalles eficacia práctica ás súas disposicións. Porén, os que confiamos en que o principio de igualdade se faga realidade nas nosas vidas, que se aplique nas relacións entre mulleres e homes en favor dun mundo mellor para todos, seguiremos apostando por leis revolucionarias que promovan a necesaria transformación de mentes e costumes na nosa sociedade.

Bibliografía

Celia Amorós (2000). *Tiempo de feminismo. Sobre feminismo, proyecto ilustrado y posmodernidad*, Cátedra, Col. Feminismos, Madrid.

— (2000): *10 palabras clave sobre mujer*, Verb. Div., Pamplona.

Amnistía Internacional (2000). *Está en nuestras manos. No más violencia contra las mujeres*, Edai, Madrid.

— (2000): *No hay excusa. Violencia de género en el ámbito familiar y protección de los derechos humanos de las mujeres*, Madrid.

Inés Alberdi & Natalia Matos (2002). *La violencia doméstica. Informe sobre los malos tratos a mujeres en España*, La Caixa, Barcelona.

Ana Balseiro (2005). *Feminismos*, en «Armas verbales. Hacia una doble violencia de género: del maltrato «privado» al judicial», Fac. Humanidades, Universidad Carlos III, Madrid.

- (2006-2007). *Análisis de la responsabilidad de los medios de comunicación: Una correcta información es prevención*, UNED, Madrid.
- Simone de Beauvoir (1987). *El segundo sexo. Los hechos y los mitos*, Siglo XXI, Buenos Aires.
- Pierre Bourdieu (2000). *La dominación masculina*, Anagrama, Barcelona.
- Victoria Camps (1990). *Virtudes públicas*, Espasa-Calpe, Madrid.
- (1998). *El siglo de las mujeres*, Cátedra, Madrid.
- Carlos Castilla del Pino (1982). *Cuatro ensayos sobre la mujer*, Alianza, Madrid.
- Defensor del Pueblo (1998). *La violencia doméstica contra las mujeres. Informes, estudios y documentos*, Madrid.
- Lidia Falcón (1991). *Violencia contra la mujer*, Vicul. Fem., Barna.
- Gabriela Ferreira (1995). *Hombres violentos. Mujeres maltratadas*, Sudamericana, Buenos Aires.
- Judit Herman (2004). *Trauma y recuperación*, Espasa, Madrid.
- Marie-francie Hirigoyen (1999). *El acoso moral*, Paidós, Barcelona.
- Miguel Lorente Acosta (1999). *Agresión a la mujer*, Camares, Granada.
- Ashley Montagu (1980). *La naturaleza de la agresión humana*, Alianza, Madrid.
- Ana M. Pérez del Campo (1995). *Una cuestión incomprendida. El maltrato a la mujer*, Horas y Horas, Madrid.
- (2005). *Influencia de la violencia de género en los procesos de separación y divorcio*, Cuad. Der. Jud. XXIV, CGPJ, Madrid.
- (2006). *Violencia de género y malos tratos. Principales acciones*, en «Problemas sociales de género en el mundo global», Luis Vives, Madrid.

Luis Rojas Marcos (1995). *Las semillas de la violencia*, Espasa-Calpe, Madrid.

Varios Autores (2005). *Suicidio y violencia de género*, Ministerio de Sanidad y Consumo, Madrid.

M. Waring (1994). *Si las mujeres contaran*, Vind. Fem., Madrid.